

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 23 de xaneiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008).

Considerando:

-Que os apoios referidos se orientaron a aqueles sectores de actividade que se considerou que estaban máis afectados pola restrición do crédito bancario ou ben poderían ser indirectamente prexudicados por esta situación.

-Que unha vez pulsadas as necesidades reais pola posta en marcha dos ditos apoios, se comprobou que outras actividades non consideradas tamén están sufrindo dun xeito relevante as consecuencias do cambio no escenario financeiro.

Neste contexto, a situación dalgún sector concreto, coma o lácteo, agrávase aínda máis polo feito de que no segundo semestre do ano 2008 o prezo percibido polas explotacións lácteas experimentou un descenso en comparación cos prezos a finais de 2007, ben que son superiores ao que viñan sendo os prezos nesta época do ano, ao tempo que aumentaban os prezos dos principais insumos lácteos, reducindo desta forma a marxe líquida unitaria das explotacións. Cómpre, polo tanto, que a Administración galega poña en marcha mecanismos que permitan resolver problemas de liquidez a curto prazo das explotacións, arbitrando a posibilidade de que poidan refinanciar o seu pasivo para encarar nunha mellor situación financeira os retos de futuro que afronta o sector.

O programa de refinanciamento de pasivos preséntase como un instrumento acaído para este fin, polo que, ademais de incluír entre as actividades subvencionables a produción de leite de vaca no ámbito de explotación, tendo en conta que a presenza de sociedades mercantís ou cooperativas como explotacións produtoras de leite é mínima, o Consello de Dirección do Igabe acordou, na súa xuntanza do 19 de decembro de 2008, eximir as ditas explotacións do cumprimento do requisito de ter adoptado a dita for-

ma xurídica e da esixencia dun importe mínimo atendible de 25.000 €.

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro), no seguinte senso:

«Primeiro.-Substitúese a relación de actividades incentivables do anexo I pola que se publica con esta resolución.

Segundo.-Exímense os titulares de explotacións lácteas, inscritas no rexistro da Consellería do Medio Rural de explotacións con cota láctea na campaña 2008/2009, da obrigatoriedade de ter adoptada a forma xurídica de sociedade mercantil ou cooperativa establecida no artigo 4.2 e do requisito do importe mínimo de préstamo atendible de 25.000 €, establecido no artigo 5.2.2.».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

ANEXO I

Actividades incentivables Axudas do Igabe ao acceso e adecuación do financiamento das Pemes

CNAE	Actividade
	-Agricultura
01.	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas
	-Pesca e acuicultura
05.	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados con elas
	-Industria extractiva
13.	Extracción de minerais metálicos
14.	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos
	-Industria agroalimentaria
15.	Industria de produtos alimenticios e bebidas
	-Industria manufacturera
17.	Industria téxtil
18.	Industria da confección e da peletaría
19.	Industria do coiro e do calzado
20.	Industria da madeira e da cortiza
21.	Industria do papel
22.	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados
24.	Industria química
25.	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas
26.	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
27.	Metalurxia
28.	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamentos

CNAE	Actividade
29.	Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico
30.	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos
31.	Fabricación de maquinaria e material eléctrico
32.	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipamentos e aparellos de radio, televisión e comunicacións
33.	Fabricación de equipamentos e instrumentos medico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxaía
34.	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
35.	Fabricación doutro material de transporte
36.	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras
37.	Reciclaxe
	-Construción
45.	Construción
	-Comercio
50.	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor
51.	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas
52.	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores
	-Turismo
55.1	Hoteis
55.22	Cámping
55.233	Outros aloxamentos turísticos
	-Transporte
60.	Transporte terrestre
61.	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores
63.121	Depósito e almacenamento frigorífico
63.22	Outras actividades anexas ao transporte marítimo
	-Servizos empresariais
72.	Actividades informáticas
73.	Investigación e desenvolvemento
74.	Outras actividades empresariais
	-Audiovisual
92.11	Produción cinematográfica e de vídeo
92.12	Distribución de películas
92.202	Produción e distribución de televisión